


PROXECTO EDUCATIVO

CEIP Praia de Quenxe

2022



Corcubión – A Coruña

Sumario

1. INTRODUCCIÓN – MARCO LEGAL	4
2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR	6
2.1 DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO	6
2.2 DESCRICIÓN DA CONTORNA	7
2.3 ORIXE DO CENTRO ESCOLAR	8
2.4 ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS E CULTURAI QUE O CONFORMAN	8
3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS	9
3.1 SERVIZOS	9
3.2 RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS	10
3.3 RELACIÓN ESCOLA-FAMILIA	11
3.4 RELACIÓNS COA ANPA	12
3.5 RELACIÓNS CO CENTRO DE ADSCRICIÓN	12
3.6 RELACIÓN CO CONCELLO	12
3.7 EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR PARTE DOUTRAS ENTIDADES	13
3.8 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	13
3.8.1 TRANSPORTE	13
3.8.2 COMEDOR	13
4. CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAI DO CENTRO	14
4.1 DEPENDENCIAS E ESPAZOS	14
4.2 EQUIPAMENTO	16
5. CARACTERÍSTICAS ACADÉMICAS	19
5.1 UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO	19
5.2 CRITERIOS DE AGRUPAMENTO E PLANIFICACIÓN DE ESPAZOS EN E.I.	19
5.3 PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL	20
5.4 HORARIO	20
5.5 PROFESORADO	21
5.6 MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA O ALUMNADO QUE NON OPTE POLAS ENSINANZAS DE RELIXIÓN	21
6. OBXECTIVOS DO CENTRO	22
6.1 ÁMBITO PEDAGÓXICO	22
6.2 ÁMBITO HUMANO	22
6.3 ÁMBITO INSTITUCIONAL	23
6.4 ÁMBITO ADMINISTRATIVO	24
6.5 ÁMBITO DO PLURILINGÜISMO	24

7. CONCRECIÓN CURRICULAR	25
7.1 ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA	25
7.2 DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS	25
7.3 IDIOMA DE IMPARTICIÓN DAS MATERIAS	26
7.4 CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	26
7.5 METODOLOXÍA XERAL	28
7.6 DECISIÓNS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	28
7.7 TRATAMENTO DOS EIXES TRANSVERSAIS	30
7.8 EDUCACIÓN EN VALORES	38
7.9 LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	39
7.10 LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS POAT	39
7.11 AVALIACIÓN	40
7.11.1 EDUCACIÓN INFANTIL	41
7.11.2 EDUCACIÓN PRIMARIA	41
7.12 CRITERIOS DE PROMOCIÓN	43
7.13 ESTÁNDARES MÍNIMOS ESIXIBLES NAS DIFERENTES MATERIAS PARA CADA CURSO	44
7.13.1 EDUCACIÓN INFANTIL	44
7.13.2 EDUCACIÓN PRIMARIA	44
7.14 PLAN DE RECUPERACIÓN DO ALUMNADO	132
7.15 COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS	133
8. ASPECTOS ORGANIZATIVOS	133
8.1 PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO	133
9. DIVULGACIÓN E APLICACIÓN	134
10. ENTRADA EN VIGOR E APROBACIÓN	135

1. INTRODUCCIÓN – MARCO LEGAL

No artigo 121 da LOE e tendo en conta as modificacións introducidas nese artigo pola LOMCE, establécese que os centros deberán elaborar un PROXECTO EDUCATIVO seguindo as seguintes directrices:

- O equipo directivo elaborará o PE partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro, tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo Claustro. Posteriormente será aprobado pola dirección do centro.
- Unha copia do PE quedará na secretaría a disposición de toda a Comunidade Educativa, outro exemplar entregaráse á ANPA e un terceiro remitirase á Inspección Educativa.
- Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:
 - Análise do contexto.
 - Obxectivos do centro.
 - Fins e intencións educativas.
 - Oferta educativa.
 - Organización xeral.
 - Concreción curricular.
 - Proxectos e Plans nos que participa o centro.
 - Relacións coas familias e institucións.
 - Documentos de referencia do centro.
- O Consello Escolar avaliará os seguintes proxectos e normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOE sendo a dirección do centro a responsable da súa aprobación.
 - Proxecto educativo.
 - Proxecto de xestión.
 - Normas de organización e funcionamento.
 - Programación Xeral Anual.
- A inspección educativa será a responsable da supervisión e o control dos programas que inciden nos centros, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación

vixente.

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE).**
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Real Decreto 126/2015**, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.
- **Orde do 25 de xuño de 2009**, pola que se regula a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 9 de xullo de 2016**, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde ECD/65/2015**, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación de educación primaria.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo, complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no derradeiro epígrafe.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

2.1 DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

- Nome.....CEIP Praia de Quenxe
- Código do centro.....15003789
- Enderezo.....Rúa Maruja Mallo, nº 18
- Localidade.....Corcubión (San Marcos)
- Código Postal.....15130
- Provincia.....A Coruña
- Teléfono..... 881 880 532
- Fax..... 881 880 534
- Correo electrónico.....ceip.praia.quenxe@edu.xunta.es
- Sitio web.....http://centros.edu.xunta.es/praiadequenxe
- NIF.....Q6555651F
- IES adscrito.....IES Fernando Blanco - Cee
- Titularidade.....Pública
- Ensino que abarca.....2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.
- Unidades e postos de traballo:

Unidades:

ED. INFANTIL	ED. PRIMARIA	TOTAL
2(*)	6	8

(*) Actualmente hai tres unidades de Educación Infantil pero por catálogo corresponden só 2.

Postos de traballo por catálogo:

Educación Infantil: 2

Educación Primaria: 6

Filoloxía Francesa: 1

Filoloxía Inglesa: 1

Educación Musical: 1

Pedagogía Terapéutica: 1

Educación Física: 1

Relixión Católica: 1

Audición e Linguaxe: 1 compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría

Orientación: 1 compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría.

En canto ao persoal non docente, na actualidade o centro conta con un conserxe e dúas limpadoras, persoal dependente do Concello. Por outra banda, os últimos dous anos contamos con unha cuidadora dependente da Consellaría.

2.2 DESCRICIÓN DA CONTORNA

O CEIP Praia de Quenxe está emprazado no concello de Corcubión, o concello máis pequeno da provincia da Coruña. Pertence á comarca de Fisterra. Está Formado por dúas parroquias (Corcubión e Redonda) e atravesado pola estrada C-552 que o comunica cos municipios limítrofes e coa capital provincial a 94 km. A vila foi declarada Conxunto Histórico-Artístico en 1985. É un concello costeiro que conta cuns 1.927 habitantes; localidade relativamente pequena (6 km²) situada en plena Costa da Morte. Corcubión é unha vila que vive basicamente do sector servizos; nela están a maioría dos servizos administrativos , autonómicos e de goberno central: xulgados, rexistro, notaría, INSS...

No verán convértese nun importante reclamo turístico (Corcubión foi nomeado no ano 2.000 “Municipio Turístico Galego”), e dispón dun reducido número de barcos adicados á pesca de baixura. O nivel sociocultural da vila é medio.

2.3 ORIXE DO CENTRO ESCOLAR

O CEIP Praia de Quenxe foi construído entre os anos 1992 e 1993. Na actualidade funciona como centro de Educación Infantil e Primaria. A orixe do CEIP "Praia de Quenxe" de Corcubión, está no Colexio Público "José Carrera" que estaba situado na praza do mesmo nome, no centro da vila. Ante a necesidade de afrontar unha ampliación, presentáronse dúas posibilidades:

1ª) Construír un edificio anexo ó actual, xa que este por estar no inventario de edificios histórico-artísticos non se podía reformar o actual ou ben:

2ª) Construír un novo centro dotado de tódolos servizos.

O Concello pensou en diferentes localizacións, decidíndose por último por uns terreos nunha urbanización situada na praia de Quenxe, que se ofertaron no seu momento á Consellería de Educación para unha futura construción. Tras moitas xestións e entrevistas, tanto en A Coruña como en Santiago, a Consellería aprobou a construción dun novo Centro cun presuposto de preto de 180 millóns de pesetas. Finalmente, aprobouse a construción dun novo Centro cun presuposto de preto de 180 millóns de pesetas:

- Superficie total construída: 1.550 m²

- Edificio de dúas plantas, co recinto pechado ó lado Norte, cunha terraza cuberta con vistas ó mar (explícase a distribución no punto catro).

- Adaptación para persoas con deficiencias motóricas, como ramplas de acceso etc.

- Patio cuberto de uns 1.000 metros cadrados, dotado de iluminación eléctrica.

2.4 ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS E CULTURAI QUE O CONFORMAN

A estrutura económica é moi sinxela e vén determinada pola función administrativa, por iso é polo que a distribución da poboación activa mostre un predominio do sector terciario. O feito de ostentar a cabeceira de partido xudicial favoreceu a existencia dunha serie de servizos como notaría, rexistro da propiedade, salas de xulgado, oficina de extensión agraria, recadación, etc. Tamén é destacable a importancia dos servizos relacionados co turismo para o cal o municipio, e en xeral toda a zona, ofrece unhas condicións naturais moi atractivas.

A economía local complementábase con algunhas pequenas industrias que, xunto coas do concello veciño de Cee, dan emprego ao resto da poboación activa. Con relación ao porto, tradicionalmente pesqueiro e comercial, viu reducida a súa actividade a un escaso tráfico pesqueiro.

3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS

3.1. SERVIZOS

SANIDADE E ASISTENCIA MÉDICA

- Centro de saúde de Corcubión.
- Casa do mar.
- Centro de Atención Primaria.
- Centro de saúde de Cee.
- Hospital Virxe da Xunqueira de Cee.

SERVIZOS SOCIAIS

- Departamento de SS.SS. de Corcubión.
- Punto de información xuvenil.
- Servizo de axuda a domicilio.
- Cuartel de Garda Civil e Tráfico.
- Tesourería Xeral da Seguridade Social?
- Instituto Nacional da Seguridade Social?
- Xulgado 1ª Instancia
- Servizo de Correos
- Centro Social
- Servizo de Augas de Corcubión
- Servizo de Recadación Provincial
- Servizos Portuarios
- Rexistro da Propiedade

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- Polideportivo Municipal de Corcubión.
- Polideportivo Municipal de Cee.
- Piscina cuberta de Cee (actualmente pechada).
- Campo de fútbol en Corcubión.

TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS

- Autobuses de liña: Fisterra, Corcubión, Cee, A Coruña e Santiago.
- Parada de taxis: Corcubión.

SERVIZOS MUNICIPAIS

No concello de Corcubión aséntanse unha grande cantidade de servizos de toda a zona; entre eles destacamos:

- Axencia de desenvolvemento local
- Casa da Cultura
- Casa do Concello
- Cemiterio Municipal
- Gardería Infantil
- Oficina de Información Xuvenil
- Oficina virtual do Catastro
- Pavillón Polideportivo Municipal
- Policía Local
- Protección Civil
- Punto de Información ás Mulleres
- Radio Neria
- Rexistro da Administración Xeral do Estado
- Rexistro da Deputación Provincial da Coruña
- Rexistro da Xunta de Galicia.

3.2 RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS

Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións con que se relaciona, buscando sempre a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

Poñemos especial atención na relación coas familias, co noso centro de adscrición IES Fernando Blanco, coa Anpa e co Concello no que se sitúa o colexio.

3.3 RELACIÓNS ESCOLA-FAMILIA

- A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre proxenitores/as e docentes son básicas en calquera etapa educativa.
- A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de corresponsabilidade que guíe aos nenos e nenas nunha mesma dirección.
- Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías complementarias de participación:
 - A través dunha implicación das familias no proceso educativo que implique:
 - Un consenso familia-escola.
 - Unha comunicación fluída e constante.
 - A través do Consello Escolar, coa súa cooperación na organización do Centro.
- No que respecta á primeira vía, é dicir, á implicación das familias no proceso educativo, por parte do centro buscarase implicar ás familias por tódalas vías que sexan posibles. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:
 - Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a todas as familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festividade a celebrar...
 - Apertura de portas do centro: as familias son benvidas a colaborar, participar e propoñer actividades para o alumnado, tanto a proposta do centro como por iniciativa delas mesmas: contacontos, charlas, xogos, celebracións, conmemoracións, etc.
 - Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións familias-escola e para recabar datos sobre:
 - A situación socioambiental do neno.
 - Datos persoais de saúde, relación con outros nenos, xogos preferidos, relación cos adultos, cos irmáns, cos pais (tempos que conviven con cada un deles).
- Ademais destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanas de titorías e atención aos pais que quedan establecidas todos os luns lectivos do curso entre as 16,00 h. e as 17,00 h.

3.4 RELACIÓN COA ANPA

- As relacións coa Anpa son excelentes e a maior proba é o gran número de participantes en todas as actividades que se organizan en colaboración con eles. Forman parte imprescindible do funcionamento e do día a día do colexio, e non se entende o funcionamento do centro sen a colaboración e as iniciativas da ANPA Alén.
- Colaboran asiduamente na preparación das actividades complementarias como festivais, conmemoracións e saídas, e ademais teñen iniciativas e propoñen actividades para todo o centro, entre as que están: o día da buxaina, o día de Rosalía, colaboracións no día das letras galegas, visita do Apalpador en Nadal, entre moitas outras.
- No ámbito da organización, manteñen una estreita relación co profesorado levando as súas inxerencias ao Consello Escolar tanto por problemas de carácter pedagóxico como de conservación do edificio, material escolar ...

3.5 RELACIÓN CO CENTRO DE ADSCRICIÓN

- O centro ao que estamos adscrito é o IES Fernando Blanco e atópase no núcleo poboacional de Cee.
- As relación con dito centro son totalmente cordiais e participamos, ao longo do curso, en múltiples actividades comúns organizadas a través dos centros ou a través do Concello.
- A finais de curso visitamos o centro ó que estamos adscritos co alumnado que se traslada ao mesmo, coa finalidade de establecer una xornada de acollida na que os alumnos/as visitan as instalacións e manteñen os primeiros contactos cos seus futuros compañeiros/as e docentes.

3.6 RELACIÓN CO CONCELLO

- Convocatoria de concursos dirixidos aos escolares da zona.
- Organización de actividades culturais con motivo de distintas conmemoracións.
- Organización de actividades extraescolares nas que poden participar todos os alumnos do centro.

3.7 EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR PARTE DOUTRAS ENTIDADES

Este Centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa ou de calquera asociación cultural que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Inspección e da Xefatura Territorial, responsabilizándose dos posibles danos, gastos e prexuízos que se puidesen ocasionar no Centro, así como a responsabilidade civil derivada de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento das actividades realizadas.

3.8 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

3.8.1. TRANSPORTE

O noso centro educativo conta con servizo de transporte escolar. A maior parte dos usuarios realizan solicitude de autorización excepcional para o seu uso. O itinerario comprende as zonas de Amarela, Redonda, O Vilar, e a Praza Castelao en Corcubión. A porcentaxe de alumnos que utiliza o transporte escolar é de arredor do 40%.

3.8.2. COMEDOR

O CEIP Praia de Quenxe conta con servizo de comedor de xestión indirecta, que na actualidade está servizo pola empresa José Fajardo S.L.

Co cambio de xornada que tivo lugar no curso escolar 2018/2019 houbo unha importante redución no número de usuarios. Na actualidade contamos con 44 prazas de comedor.

4. CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIS DO CENTRO

4.1 DEPENDENCIAS E ESPAZOS

NA PLANTA BAIXA:

- Biblioteca.
- Conserxería.
- Despacho de secretaría e dirección.
- Sala de docentes.
- Aseos de docentes.
- Aseos de nenos e nenas.
- Aseo individual.
- 5 aulas de Educación Primaria (na actualidade destinadas aos cursos de 2º a 6º)
- Aula de Pretecnoloxía (actualmente destinada ás clases de relixión).
- Comedor.
- Cociña (con servizo de “catering”)
- Gabinete Médico (hoxe en día convertido no local da ANPA)
- Dous almacéns. (un fronte a entrada e outro anexo ao local da ANPA).

NA PRIMEIRA PLANTA:

- Unha titoría
- Unha aula de Audición e Linguaxe.
- Unha aula de primeiro de Educación Primaria.
- Tres aulas de Educación Infantil.
- Despacho do Equipo de Orientación.
- Unha aula de Educación Musical.
- Unha aula de laboratorio, que actualmente se utiliza como aula de inglés.
- Unha aula de Pedagogía Terapéutica.
- Unha aula de Informática.
- Servizos para o alumnado.
- Duchas para o alumnado.

NA SEGUNDA PLANTA:

- Gimnasio.
- Servizos de alumnas e alumnos.
- Unha ducha.

EXTERIOR:

O centro conta con un patio cuberto e outro descuberto aos que se accede dende a primeira planta. Ademais, hai un parque destinado ao alumnado de Educación infantil, aínda que ao estar descuberto só é posible utilizalo durante o verán. Pola zona dianteira, conta con un pequeno xardín con árbores autóctonas plantadas polo alumnado.

OUTRAS INSTALACIÓNS UTILIZADAS HABITUALMENTE

- O alumnado de Educación Primaria utiliza o pavillón municipal para algunhas sesións na materia de Educación Física, previa coordinación horaria co concello.
- O alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria realizan anualmente unhas sesións de vela dentro da área de Educación física en colaboración coa Asociación Deportiva Carrumeiro, para o que realizan algunha sesión práctica no local antes da saída ao mar.
- O centro solicita ao concello a utilización da Casa da Cultura varias veces ao ano para a celebración de distintos festivais. (Entroido, Nadal...)
- O final de curso celébrase habitualmente en Redonda, para o que se pide ao concello a instalación dun palco e do equipo de son, e ademais se solicita a utilización dos baños e a cociña do albergue municipal.

4.2 EQUIPAMENTO

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E USO DOS RECURSOS MATERIAIS

Á hora de seleccionar os materiais, seguindo as aportacións de Gimeno Sacristán é que calquera material que se empregue na escola debe ser duradeiro, funcional, realista, útil e non resultar nin tóxico nin agresivo.

Por outra banda, son moitos os criterios que podemos ter en conta, como:

- O material ten que ser atractivo, tanto esteticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno invitándoo a interactuar con él.
- Os materiais deben ser adecuados ao momento evolutivo do neno, adaptados ás súas aptitudes, características e necesidades.
- Que sexan accesibles e manipulables, e que podan ser utilizados de forma autónoma e independente.
- Que potencien e favorezan a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
- Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
- Que proporcione os estímulos correspondentes á súa elección.
- Que non favorezan actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
- Que posibilite ao neno todas as posibilidades de acción que este poda desenvolver.
- Calquera material a utilizar debe de potenciar a autonomía e o aprendizaxe.

EQUIPAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Dispoñemos dun patio de recreo que conta cun campo de futbito, un minicampo de basquetbol e un patio cuberto.
- Contamos cun ximnasio con duchas e sitio de almacenaxe para o material deportivo no que atopamos: pelotas de diferentes tipos, balóns de basquetbol, futbito, volea, balonmán, balóns medicinais, aros de distintos tamaños, cordas, picas, ladrillos...
- O ximnasio conta con espaldeiras, bancos suecos, colchonetas de axilidade, trampolíns, colchonetas quitamedos, potro e plintons.
- Nas inmediacións do centro escolar contamos cun polideportivo de titularidade municipal que empregamos habitualmente para as clases de Educación Física do alumnado de maior idade.

EQUIPAMENTO DE AUDIOVISUAIS

- 2 Televisores de 25 pulgadas.
- 1 Televisor pequeno (doado pola Atlética A Silva).
- 2 Vídeos.
- 1 Láser-disc.
- 1 Proxector de diapositivas.
- 5 Reprodutores de CD.
- 3 Micrófonos (2 avariados).
- 2 Micrófonos inarámicos.
- 2 Micrófonos de ambiente.
- 2 Xogos de altofalantes.
- 1 Proxector de Super 8.
- 2 Pantallas de proxección.
- Diferentes fitas de vídeo, cassetes, diapositivas, discos láser.
- 1 Equipo de megafonía empregado en diversas conmemoracións.
- 1 Reprodutor de D.V.D.
- 2 Cámaras de fotos dixitais.
- 1 Cámara de vídeo.

EQUIPAMENTO DE MÚSICA

A aula de música contén o material básico instrumental en bo estado de conservación xa que foi renovado hai uns anos.

- 4 Metalófonos.
- 4 xilófonos
- 10 Carrillóns.
- 1 Prato con pé de metal.
- 12 Pandeiretas.
- 5 Pares de maracas.
- 4 Xogos de crótalos.
- 1 Arquivador de 60 CD.
- 1 Xogo de timbais.
- 1 Bombo con mazo.
- 10 Pandeiros.
- 4 Triángulos.

- 3 Caixas chinesas.
- 2 Frutas de émbolo e varias frutas doces.
- 1 Órgano Yamaha.
- 1 minicadea.
- 1 pizarra pautada móbil.
- Instrumentos variados de percusión.

EQUIPAMENTO DE INFORMÁTICA

- 7 ordenadores na aula de informática (con conexión a Internet).
- 1 ordenador de xestión e control de acceso na aula de informática.
- 1 ordenador de xestión en Dirección.
- 1 ordenador de xestión en Secretaría.
- 1 ordenador de xestión en Xefatura de Estudos.
- 1 ordenador na sala de profesores.
- 1 ordenador portátil na biblioteca
- 1 pc na biblioteca para xestión de préstamos e emprego do profesorado.
- 1 ordenador na aula de Pedagogía Terapéutica.
- 3 ordenadores, un por aula, en Educación Infantil.
- 6 ordenadores, un por aula, en Educación Primaria.
- 4 Ordenadores portátiles para Inglés, Educación Física, Audición e Linguaxe e Educación Musical.
- 2 impresoras de inxección de tinta.
- 1 impresoras láser.
- 2 impresoras fotocopiadoras con escáner.
- 7 ordenadores portátiles.
- 10 pizarras dixitais (aulas de 5º e 6º de E.I., 1º, 2º, 4º, 5º e 6º de EP, inglés, informática e biblioteca.)
- 1 proxector na aula de música.

5. CARACTERÍSTICAS ACADÉMICAS

5.1 UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO

- O centro conta con 8 unidades, 2 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria, ás cales durante os últimos anos se vén sumando unha unidade habilitada de Educación Infantil debido ao crecente número de alumnado matriculado.
- O número de alumnos matriculados oscila arredor dos 100, e nos derradeiros anos foi un número sempre crecente.
- A ratio media ven sendo de 13 discentes por aula, aínda que hai cursos que superan a mesma.
- Contamos con unha alumna con n.e.e. asociadas a discapacidade visual. No momento actual non temos discentes nin inmigrantes nin pertencentes a minorías étnicas.
- O alumnado procede da área de influencia do centro, e unha minoría, da zona de influencia dos concellos de Fisterra e de Cee.

5.2. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO E PLANIFICACIÓN DE ESPAZOS EN EDUCACIÓN INFANTIL

Estes criterios establécense debido a que o noso centro ten asignadas por catálogo dúas aulas de E.I. (educación infantil), para o alumnado dos tres niveis educativos do segundo ciclo. Isto obríganos a escolarizar discentes de diferentes niveis nunha mesma aula, o cal non impide que nestes últimos cursos contásemos con tres aulas de infantil debido ó aumento da ratio. Non obstante, naqueles casos nos que o alumnado teña que estar agrupado en dúas aulas farase en función do número total de matriculados en E.I.

As pautas para establecer este agrupamento serán as seguintes:

- O/a xefe/a de estudos e os/as mestres/as de E.I. reuniranse a finais de curso para analizar a matrícula e decidir os agrupamentos.
- Respetaranse as ratios establecidas pola lei establecéndose dous grupos mixtos intentando que a ratio por aula sexa equitativa (salvo casos excepcionais por motivos de organización de recursos ou circunstancias que beneficien a mellora do desenvolvemento e escolarización do alumnado).
- O alumnado de 4 anos sería dividido en función da data de nacemento: os de maior idade quedarán na aula de 5 anos e os de menos idade na de 3.

En canto á **planificación de espazos** teremos en conta que só existen no centro tres aulas que contan cun aseo dentro das mesmas o cal determina cales van ser as aulas de E.I. Dúas delas, máis amplas, situadas nun extremo da planta superior do centro e outra máis pequena, pero igualmente equipada, situada no outro extremo da mesma planta.

O resto dos espazos do centro como son a biblioteca, aula de informática, aula de inglés, ... das que poden facer uso o alumnado de infantil teñen fácil acceso; salvo o ximnasio ó que é preciso subir escaleiras para o que contan coa axuda da especialista de educación física.

5.3. O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación vén determinado na Orde que cada curso publica o calendario escolar, sendo case sempre de dúas semanas aproximadamente. Dado que, como anteriormente se mencionaba, o número de aulas de E.I. pode variar dun curso a outro, podendo estar distribuído o alumnado en 2 ou 3 aulas, sendo este un aspecto a ter en conta á hora de organizar o período de adaptación dado que pódese ver incrementado o alumnado escolarizado na aula de 3 anos xunto con alumnado de 4 anos.

Non obstante, os primeiros días de escolarización dos nenos e nenas de 3 anos, o tempo de permanencia no centro será máis reducido e irase ampliando a medida que os pequenos se vaian integrando no grupo de iguais ata chegar a permanecer as cinco horas completas ao rematar o período de adaptación

5.4 HORARIO

- O horario lectivo do centro é de 9,15 a 14,15 horas. O alumnado de educación infantil que se incorpore ao centro farao de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará o período de adaptación á escola.
- Todos os luns lectivos, en sesión de tarde de 16,00 h. ata as 17,00 h. realízanse tarefas de carácter titorial e atención a país/nais, e lévanse a cabo as reunión de traballo dos diferentes equipos de 17,00 a 19,00.
- Horario do comedor: 14:15 – 15:00 horas
- Horario de biblioteca: 15:00 – 17:00 horas
- Actividades extraescolares: 16:00 - 18:00 horas

5.4. PROFESORADO

O catálogo de postos de traballo do centro é de 16 mestres e mestras, correspondendo ás seguintes especialidades:

- 2 Educación Infantil.
- 6 Educación Primaria.
- 1 Lingua Estranxeira: Francés.
- 1 Lingua Estranxeira: Inglés.
- 1 Educación Física.
- 1 Educación Musical.
- 1 Pedagogía Terapéutica.
- 1 Relixión Católica, compartida coa EEI de Pereiriña e a EEI a Igrexa de Brens.
- 1 de Audición e linguaxe compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría.
- 1 Orientadora compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría.

A maior parte do profesorado cambiou constantemente durante os últimos anos, debido a que houbo varias xubilacións, e mestres que despois de moitos anos concursaron para zonas máis preto das súas vivendas, e as novas prazas foron ocupadas por mestres que solicitaron comisión de servizos. Isto incide directamente na dificultade para a consecución de plans e proxectos a longo prazo, aínda que se ve mitigado porque moitos dos mestres e mestras provisionais e interinos repetiron destino no noso colexio por segundo ano consecutivo.

Tamén inflúe no aumento de responsabilidades para a minoría de mestres e mestras definitivos. Agardamos que esta situación vaia mellorando nos próximos anos ao ternos convertido nun centro de xornada continua.

5.6 MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA O ALUMNADO QUE NON OPTE POLAS ENSINANZAS DE RELIXIÓN

Para facilitar a mellor organización e un criterio común ao alumnado, sexa de Educación Infantil ou Educación Primaria, establécese que as ensinanzas alternativas á relixión ou a educación en valores, se impartan na propia aula da titoría, sendo as ensinanzas de Relixión Católica, impartidas noutra aula, establecida polo centro para ditas ensinanzas.

6. OBXECTIVOS DO CENTRO

6.1 ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Fomentar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.
- Proporcionar ao alumnado o coñecemento dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e demais leis e dereitos internacionais. Facilitar no centro a vivencia dos mencionados dereitos e liberdades.
- Facilitar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.
- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.
- Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.
- Desenvolver no alumnado as seguintes competencias:
 1. Competencia en comunicación lingüística.
 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
 3. Competencia dixital.
 4. Aprender a aprender.
 5. Competencias sociais e cívicas.
 6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
 7. Conciencia e expresións culturais.

6.2 ÁMBITO HUMANO

- Desenvolver no alumnado actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas.
- Educar na integración.

- Educar para a paz e no desenvolvemento de actitudes pacíficas.
- Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.
- Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- Educar para un consumo responsable.
- Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
- Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
- Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.
- Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- Proporcionar a todos os alumnos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.
- Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione aos alumnos o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.
- Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.

6.3 ÁMBITO INSTITUCIONAL

- Implicar ás familias dos discentes no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- Establecer contactos e coordinar actuacións co CPI O Cruce, centro receptor do alumnado.
- Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.

- Colaborar co centro de formación do profesorado.
- Colaborar co concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
- Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.

6.4 ÁMBITO ADMINISTRATIVO

- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

6.5 ÁMBITO DE PLURILINGÜISMO

Ao remate da educación primaria o alumnado deberá ter un dominio do galego e do castelán que lle permita comunicarse en ambas as dúas linguas por un igual. Así mesmo, fomentaremos unha valoración positiva da lingua galega así como o coñecemento da nosa cultura. Os obxectivos que nos propoñemos no eido da normalización lingüística son:

- Acadar que os alumnos do centro teñan unha competencia lingüística que lles permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
- Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa...
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

7. CONCRECIÓN CURRICULAR

7.1 ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA

Plasmaranse nas Programacións Didácticas e nas Programacións de Actividades e Tarefas que elaboramos con carácter anual.

7.2 DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS

Son as establecidas no Anexo IV do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A inicio de curso, tendo en conta a lexislación vixente ao respecto, a xefatura de estudos do centro, en colaboración co profesorado titor e os especialistas, elaborará os horarios para cada curso, tendo en conta as premisas establecidas ao respecto no NOFC, intentando sempre ser equitativos na distribución de horas e materias a impartir por cada mestre/a.

Especificación á dedicación das horas de libre configuración

Tendo presente que o profesorado que se adscribe este centro é –nun 40% aproximadamente– provisional, dependemos da súa situación administrativa para ofertar estas horas de libre configuración en 4º e 6º de EP, en base ao establecido no D105/2014. Neste Decreto, establécese, no seu Anexo IV que, con carácter semanal, estas áreas disporán dunha sesión nos devanditos niveis.

Tendo isto presente, desde o centro, establecemos unha serie de premisas para a posta en marcha destas sesións, establecendo a seguinte prioridade:

- 1º Sesións orientadas ao reforzo das áreas instrumentais básicas, se o titor ou titora o estiman oportuno, en base á experiencia previa co devandito grupo.
- 2º Orientadas ao reforzo de competencias ou habilidades que se desprendan das competencias en comunicación lingüística e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, seguindo de novo as provisións educativas que o titor ou titora consideren.
- 3º Segunda lingua estranxeira (en función da acreditación do profesorado adscrito).
- 4º Aquelas especialidades que oferte o profesorado adscrito.

7.3 IDIOMA DE IMPARTICIÓN DAS MATERIAS

Na etapa de Educación Infantil, tal como se recolle no artigo 5 do Decreto 79/2010 de plurilingüismo, e unha vez realizada a consulta aos pais non vinculante como consecuencia da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a lingua a empregar será o galego, sen prexuízo do establecido no punto 4 do artigo citado.

Con respecto a Educación Primaria, e tendo en conta o punto 3 do artigo 6, a distribución proporcional das materias a impartir en galego e/ou castelán, será a seguinte:

EDUCACIÓN ARTÍSTICA MÚSICA: En galego.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA PLÁSTICA: En galego e en inglés en 6º de primaria.

EDUCACIÓN FÍSICA: En castelán.

RELIXIÓN: En galego.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS: En castelán.

MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN: A lingua establecerase cada curso en función da elección da materia a impartir.

7.4 CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias, para o decreto 105/2014, son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza á etapa educativa referente.

A contribución porcentual da áreas con respecto a cada competencia, estableceranse nas programacións específicas.

No noso centro as prioridades competenciais que debemos conseguir co alumnado ao rematar a Etapa de Educación Primaria, son as seguintes:

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**
 - Utilizará a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregará de forma funcional a primeira lingua estranxeira.
- **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA**
 - Empregará, espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información e para

resolver problemas que se dan en situacións cotiás.

- **COMPETENCIA DIXITAL**

- Fará uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.
- Avaliará e seleccionará novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade, para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
- Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.

- **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Xestionará e controlará as súas propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de autonomía persoal.

- **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Comprenderá a realidade social na que vive.
- Afrontará a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en prácticas democráticas.
- Exercerá a cidadanía actuando con criterio propio.
- Contribuirá á construción da paz e a democracia, mantendo unha actitude solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas.

- **SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

- Imaxinará, emprenderá, desenvolverá e avaliará accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico.
- Acadará calidades e habilidades persoais, sociais e de liderazgo.

- **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI**

- Terá adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais.
- Adoptará unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.
- Amosará interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

7.5 METODOLOXÍA XERAL

A comunidade educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe do noso alumnado. Por iso cremos oportuno que o alumno sexa protagonista activo do seu propio proceso, proporcionándolle os recursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

- Farase de xeito que a aprendizaxe sexa significativa (relacionada cos coñecementos previos e centros de interese).
- De forma globalizada e secuencializada gradualmente.
- Buscaremos unha aprendizaxe comprensiva máis que memorística.

A nosa metodoloxía será:

- Activa.
- Participativa.
- Individualizada.
- Socializadora.
- Motivadora.
- Potenciadora da autoestima e o éxito.

Todo iso encamiñado a conseguir que os noso alumnado sexa:

- Responsable.
- Autónomo.
- Sociable.
- Tolerante.
- E que aprenda a vivir en sociedade.

7.6 DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

O marco da redacción da LOE dada pola LOMCE, instaura un modelo educativo en base a sete competencias clave (competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, competencia no sentido da iniciativa e o espírito emprendedor, competencia en aprender a aprender, competencia en conciencia e expresións culturais e competencias sociais e cívicas) recollidas na devandita normativa e especificadas polo miúdo na Orde estatal ECD/65/2015.

Tendo isto presente, desde o CEIP Praia de Quenxe, teremos presentes as consideracións metodolóxicas que se recollen a tal efecto no Artigo 15 do Decreto 105/2014, dado que son as que fundamentarán a base na intervención co alumnado de Educación Primaria. Do mesmo xeito, para a etapa de Educación Infantil, teremos presentes as consideracións recollidas no Anexo II do Decreto 330/2009.

Polo tanto, en base aos documentos legais mencionados con anterioridade, destacamos as seguintes orientacións metodolóxicas tendo presentes as súas achegas á consecución das sete competencias clave.

A primeira consideración metodolóxica estará orientada á atención á diversidade, como centro neurálxico das relacións socio-educativas de todo o centro favorecendo en primeiro lugar ás competencias sociais e cívicas e ao desenvolvemento das demais.

En segundo lugar, traballarase de cara á inclusión e á participación activa. Para isto, tentando desenvolver as competencias sociais e cívicas nun inicio e as seis restantes a posteriori, desenvolveranse actividades funcionais e contextualizadas na vida cotiá e no presente que buscarán o desenvolvemento da totalidade das 7 competencias clave.

En terceiro lugar destacaremos o necesario fomento da lectura desde a educación formal. Para isto, empregaremos o período asignado diariamente para tal fin, así como a dinamización das actividades propostas desde o equipo de dinamización da biblioteca, sen prexuízo daquelas actividades que as titoras e os titores desenvolvan desde as súas aulas. Como resulta evidente, a lectura está asociada de xeito directo coa CCL, o que favorece a

adquisición das demais competencias.

Por último, en cuarto lugar, será necesario impulsar as actividades integradas, é dicir, aquelas que traballen, a un tempo varias ou todas as competencias clave. Deste xeito, debemos destacar que cada titor/a con estas premisas, buscará sempre a posta en marcha e o desenvolvemento destas actividades, podendo ser en consenso cos equipos docentes, equipos de ciclo ou coa totalidade do claustro.

7.7 TRATAMENTO DOS EIXES TRANSVERSAIS.

Da lectura do Artigo 11 do Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, despréndese o necesario tratamento dende tódalas áreas do currículo de diversos eixes transversais, que no noso Proxecto Educativo teremos en conta da seguinte maneira:

7.7.1. Artigo 11.1

Segundo versa o Artigo 11 do Decreto 105/2014, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na nosa comunidade autónoma, no seu punto 1, “Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.”

As decisións a este respecto no noso centro educativo, serán as seguintes:

Comprensión lectora:

Tódalas disciplinas incluírán necesariamente distintos tipos de texto que esixan, por parte do alumnado, a posta en marcha de diversos mecanismos de comprensión, e axuden a ampliar o seu vocabulario, a súa capacidade de síntese, e a súa competencia lectora en xeral. Para isto, o profesorado será o encargado de seleccionar coidadosamente os textos que incluírán en cada materia para o tratamento dos diversos contidos, elixindo textos de diversos tipos e que procedan de diversas tradicións, tentando buscar unha completa proposta que diversifique a práctica e que promova que o alumnado atope o máis achegado aos seus gustos persoais.

Expresión oral e escrita:

Dende tódalas disciplinas se promoverá este tipo de contido mediante a inclusión, nas actividades, de charlas, debates, coloquios, que poñan en práctica as habilidades do alumnado para a escoita activa e para a expresión oral eficaz e competente, destrezas que unicamente se poden mellorar coa práctica. Ademais do tratamento nas diversas áreas, dende o centro promoveranse actividades ao respecto destes contidos, como: asistencia a obras de teatro, contacontos e concertos, posta en marcha de festivais protagonizados polo alumnado, nos que se realicen representacións dramáticas, participación en concursos narrativos propostos por entidades da contorna (concello, biblioteca pública, institucións diversas, etc).

Comunicación audiovisual:

Neste proxecto educativo, a comunicación audiovisual abórdase dende dúas perspectivas:

- Por unha banda, a variedade de recursos: a inclusión dun grande número de soportes e recursos audiovisuais nas actividades permitirán un tratamento amplo e continuo da comunicación audiovisual.
- Traballo sistemático sobre os elementos comunicativos e de significado dos diversos medios e recursos audiovisuais, xa que comprender unha imaxe ou interpretar determinado recurso audiovisual non son tarefas intuitivas, senón que precisan do coñecemento dos elementos que os integran e do seu valor semántico.

Soportes e recursos:

Variada selección de imaxes que aparecen nos distintos materiais (libros, fichas, cadernos,, mapas, diarios, recursos dixitais...) que permiten lecturas de diferentes niveis de comprensión. Diversidade de vídeos, audios, etc., nos que se ofrezan informacións de distintas áreas e contidos.

A partir dos diversos soportes audiovisuais, os e as discentes levan a cabo actividades para coñecer mellor as posibilidades comunicativas que ofrecen e para utilizar os devanditos soportes de xeito cada vez máis autónomo, cos seguintes obxectivos:

- Comprender e recoller información que se proporciona nun soporte audiovisual.
- Analizar esta información e os elementos de contido que a articulan.
- Elaborar información en soportes audiovisuais.

Tecnoloxías da Información e a Comunicación

“A competencia dixital implica o uso crítico e seguro das Tecnoloxías da Sociedade da Información para o traballo, o tempo libre, e a comunicación. Apoiándose nas habilidades TIC básicas: uso de ordenadores para recuperar, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, e para comunicar e participar en redes de colaboración a través de Internet”. (European Parliament and the Council, 2006).

A Competencia dixital é a referencia para a integración no currículo deste elemento transversal. Como no resto de elementos, as Programacións Didácticas da aula serán unha oportunidade para a reflexión sobre os mecanismos e estratexias que permitirán a planificación das actividades axeitadas para o desenvolvemento dixital.

Os obxectivos que debe perseguir o desenvolvemento da competencia dixital pódense resumir en cinco ámbitos:

- **Información**

Cos obxectivos de identificar, localizar, recuperar, almacenar, organizar e analizar a información dixital, avaliando a súa finalidade e relevancia.

- **Comunicación**

Comunicar contidos en entornos dixitais, compartir recursos a través de ferramentas en liña, conectar e colaborar con outros a través de ferramentas dixitais, interactuar e participar en comunidades e redes. Conciencia intercultural.

- **Creación de contido**

Crear e editar contidos novos (textos, imaxes, vídeos...), integrar e reelaborar coñecementos e contidos previos, realizar producións artísticas, contidos multimedia e programación informática (robótica). Saber aplicar de xeito básico os dereitos de propiedade intelectual e as licenzas de uso.

- **Seguridade**

Protección persoal, protección de datos, protección da identidade dixital, uso de seguridade, uso seguro e sostible.

- **Resolución de problemas**

Identificar necesidades e recursos dixitais, tomar decisións á hora de elixir a ferramenta dixital axeitada, acorde á finalidade ou necesidade, resolver problemas conceptuais a través de medios dixitais.

Destes cinco ámbitos, poderíamos establecer que os tres primeiros teñen un enfoque máis disciplinar, é dicir, están máis vinculados aos contidos das diversas áreas curriculares,

mentres que os dous últimos son máis transversais e están relacionados con competencias como Aprender a Aprender, sentido da iniciativa e o emprendemento e competencias sociais e cívicas. Non obstante, as boas prácticas na aula das TIC establecerán relacións estreitas entre todos estes ámbitos e facilitarán a súa integración. Nas programacións didácticas de aula, ao programar actividades nas que interveñan as TIC, teranse en conta, na medida do posible, estes cinco ámbitos, para garantir un tratamento rigoroso e completo da competencia dixital.

Emprendemento

A competencia “Sentido da iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber escoller, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa finalidade de alcanzar o obxectivo previsto.

Para isto, fixarémonos nos seguintes ámbitos:

Ámbito do coñecemento

Recoñecemento das oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades e organizacións.

Planificación de deseños para a implementación de plans de diversos tipos.

Coñecemento e reflexión sobre a postura ética das organizacións.

Destrezas e habilidades.

Capacidades de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións.

Resolución de problemas.

Comunicación, presentación, representación e negociación efectivas.

Habilidade para traballar, tanto individualmente como en grupo.

Actitudes e valores.

Predisposición a actuar dun xeito creativo e imaxinativo.

Autocoñecemento e autoestima. Valoración do erro como oportunidade para aprender.

Autonomía e independencia.

Interese, esforzo e espírito emprendedor, que se caracterizan pola iniciativa, a pro actividade e a innovación en tódolos ámbitos da vida.

Motivación e determinación á hora de cumprir os obxectivos fixados.

Así pois, estableceranse actividades encamiñadas a desenvolver as seguintes capacidades:

- A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; autocoñecemento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo; espírito emprendedor, iniciativa e innovación.
- A capacidade proactiva para xestionar proxectos: capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas, habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborativo dentro dun equipo; sentido da responsabilidade; avaliación e autoavaliación.
- A capacidade de asunción e xestión de riscos, manexo da incerteza. “As cualidades de liderazgo e traballo individual e en equipo: capacidade de liderazgo e delegación: capacidade de representación e negociación”.
- O sentido crítico e da responsabilidade.

Educación cívica e constitucional

A educación cívica e constitucional está directamente vinculada coas competencias sociais e cívicas e coa área denominada Valores Sociais e Cívicos. A Educación cívica e constitucional recollerase nas programacións didácticas en dúas dimensións:

- Na súa dimensión transversal, como elemento que debe impregnar o espírito de tódolos documentos educativos da etapa.
- Na súa dimensión disciplinar, como área curricular.

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, para elaborar respostas, tomar decisións, e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme ás normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

Todo isto implica a posta en marcha, nas aulas, e desde as programacións, de mecanismos que faciliten a participación de alumnado, a súa identificación co noso centro educativo en xeral e coa súa aula de referencia en particular, e as boas relacións entre o grupo. Cada programación adecuará o tratamento da resolución de conflitos e da integración na aula de todo o alumnado, buscando técnicas de conciencia grupal que favorezan a conciencia de equipo.

8.6.2. Artigo 11.2 do decreto

Neste punto, establécese que “A consellería competente en materia educativa fomentará a calidade, **equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade**, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.”

No momento de organizar a clase, os e as docentes tomamos unha serie de decisións con frecuencia de xeito máis ou menos intuitivo – en relación, por exemplo, coa distribución do tempo nas explicacións e na práctica, no traballo individual e no colectivo. O conxunto destas decisións configuran unha determinada estrutura de aprendizaxe, que non varía unicamente entre un docente e outro, senón incluso, nun mesmo/a docente, segundo as características do seu grupo de discentes.

Non basta con chamar a unha aula inclusiva para que realmente o sexa. Nela, todo o alumnado debe sentirse benvido e partícipe do grupo. Ademais, o clima da aula ha de ser de confianza, onde o alumnado se sinta seguro para preguntar cando non saiban algo, que lles permita percibir os erros como parte do proceso de aprendizaxe e oportunidades para mellorar. Ademais, deben sentirse respectados polos demais e na obriga de respectar, de xeito que poidan falar abertamente na aula dos seus problemas e conflitos, dando lugar a unha resolución pacífica dos mesmos.

Esta reflexión será necesaria antes das programacións para incluír estratexias na acción educativa encamiñadas a acadar a coesión grupal e a inclusión de todo o conxunto de alumnado.

8.6.3. Artigo 11.3 do Decreto 105/2014.

“Igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.”

A educación para a igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia é un proceso continuo e permanente, que ensina a “ aprender a vivir na non violencia”, a convivir en tolerancia e harmonía, respectando ao grupo e aceptando as diferencias, xa que a diversidade enriquece.

A educación para a convivencia e a paz é un proceso que implica accións intencionais, sistemáticas e continuas, encamiñadas ao desenvolvemento persoal e colectivo mediante marcos que xeren formas alternativas de pensar, sentir e actuar.

Este proceso supón potenciar a capacidade par afrontar os conflitos dende unha perspectiva creativa e non violenta e vivir conscientemente os valores de igualdade, xustiza, respecto, liberdade e solidariedade.

Obxectivos como adquirir habilidades persoais (autocoñecemento, autoestima e autocontrol) e sociais (empatía, asertividade, escoita activa, trato respectuoso, toma de decisións) para relacionarse de forma pacífica e construtiva; aprender estratexias para facilitar o diálogo e a negociación como ferramentas para unha convivencia positiva; Coñecer, analizar e buscar solucións para os principais conflitos, etc, serán os que se persigan mediante este eixe dende tódalas áreas.

De cara a isto, propoñeranse actividades como xogos cooperativos e participativos, actividades de escoita e cooperación grupal, debates e coloquios.

“Os currículos de educación primaria incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

8.6.4. Artigo 11.4 do decreto de currículo.

“Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor (...)”

Á hora de falar do contido da competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, as Recomendacións do Parlamento Europeo e o Consello distinguen entre coñecementos, capacidades e actitudes.

De cara ao cumprimento deste aspecto, as actividades máis achegadas e adaptadas ao contexto escolar dos nenos e nenas desta etapa, poden ser da índole de organizar as súas pertenzas, preparar a carteira para o día seguinte, preparar o material necesario para realizar unha actividade, elaborar un horario das actividades diarias, iniciarse en priorizar as propias actividades, elaborar listaxes de tarefas pendentes e rematadas, elixir entre distintas alternativas, aceptar e cumprir responsabilidades adecuadas á súa capacidade, manter a motivación e determinación para terminar unha actividade, ser capaz de facer plans para realizar unha acción e poñelos en práctica, coñecer os seus puntos fortes e débiles para determinadas actuacións, ter criterio propio para tomar decisións sen deixarse levar, aprender dos erros e extraer conclusións, asumir riscos xustificadas, ser quen de realizar autoavaliacións, ser creativo ao buscar solucións, ou iniciarse na comprensión do sentido de altruísmo e gratuidade.

8.6.5. Artigo 11.5 do decreto

“No ámbito da educación e da **seguridade viaria** incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.”

As actuacións neste sentido serán as seguintes:

Creación de circuítos por parte do alumnado na área de Educación Física, saídas camiñando para coñecer a contorna da vila, introducindo as sinais de tráfico e o seu uso como peóns; Elaboración de sinais de tráfico para murais, cómics, etc: Visitas de policía de tráfico ao centro dentro do Plan de Educación Viaria para que conten as súas experiencias e expoñan contidos en relación a esta materia; educar a través de xogos e actividades lúdicas; charlas e coloquios co obxectivo de acadar a sensibilización dos problemas de tráfico e prevención de futuros accidentes.

7.8 EDUCACIÓN EN VALORES

As accións previstas neste apartado inclúense no **Plan de Convivencia (ANEXO)**, que recolle ademais aquelas actuacións dirixidas á solución das dificultades da convivencia. Inclúese tamén a concreción dos dereitos e deberes do alumnado, así como a concreción das medidas correctoras aplicables no caso de incumprimento. Todo isto queda regulado polo Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Os valores que se perseguen están en íntima relación cos temas transversais recollidos no artigo 11 do decreto 105/2014, e que son os seguintes:

- **Comprensión lectora, expresión oral e escrita.** O seu tratamento é claro a través da lectura e construción de todo tipo de textos, análise e busca de información sobre autores, épocas ou estilos artísticos.
- **Comunicación audiovisual, TIC e os riscos da súa utilización.** Está presente outra vez a través da busca de información, e tamén a través dos medios de gravación e edición de son e imaxe e a súa publicación. Sempre que se utilicen tecnoloxías que impliquen o acceso ou manipulación de contidos, xa sexa na Internet ou en outros medios, farase fincapé na prevención e nos riscos que existen e que se deben evitar.
- **Educación cívica e constitucional.** Fomentárase a través da convivencia diaria, respectando sempre os dereitos e liberdades dos demais, promovendo a adopción doutros puntos de vista e a valoración de opinións ou posturas distintas á propia.
- **O emprendemento.** As actividades que implican a creación ou a improvisación son claves para desenvolver este apartado. Tamén se pode impulsar mediante a participación no deseño das actividades da aula ou coa toma democrática de decisións.
- **Igualdade efectiva entre homes e mulleres** e prevención da violencia de xénero. O ambiente é fundamental, e nunca se dividirá ó alumnado por razóns de sexo, nin será esta unha razón para distribuír a realización das distintas tarefas. As letras dos textos escollidos non serán sexistas e ademais coidarase que os contidos que o alumnado escolla sexan respectuosos, inculcando este valor dunha forma natural.
- **Non discriminación** por calquera condición. O tratamento deste punto é similar ao anterior, e é de vital importancia xa que cada vez máis a interculturalidade é un feito cotiá.

- **Resolución pacífica de conflitos** e prevención de calquera forma de violencia. A propia actitude do mestre é moi importante, e mostrarase sempre unha perspectiva construtiva para solucionar os conflitos, propoñendo saídas o máis xustas posibles para todos. Tamén se intentará favorecer unha perspectiva crítica do alumnado fronte aos problemas de convivencia cotiás, de modo que pouco a pouco sexa capaz de resolvelos pola súa conta.
- **Desenvolvemento sostible e o medio ambiente.** A inculcación de hábitos de consumo sostible alcánzase a través da realización de actividades con materiais de refugallo, ademais da toma de conciencia das consecuencias que ten unha actitude consumista no medio ambiente.
- **A seguridade viaria.** O mestre favorecerá o respecto polas normas de circulación como outras máis necesarias para a convivencia e para a seguridade propia e allea.

7.9 LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As accións previstas neste apartado atópanse no Plan Xeral de Atención á Diversidade e no Plan Anual de Atención á Diversidade. **(ANEXO)**

7.10 LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS POAT

Tendo de referencia o recollido no ROEGAL (REDE DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA DE GALICIA), del contéplase que entender a orientación como o acompañamento e o asesoramento de todo o alumnado e como un proceso continuo, converte a titoría no eixo da función orientados. Este acompañamento é una tarefa compartida por moitos axentes da comunidade educativa, sendo o Plan de Acción Titorial o documento que da cohesión as actuacións que se pretenden levar a cabo. Por iso, na súa elaboración teranse en conta os seguintes apartados:

- Obxectivos.
- Designación de titores/as.
- Funcións da titoría.
- Coordinación dos titores/as cos equipos docentes.
- Atención ás familias.
- Actividades de acollida, tanto para o alumnado e as súas familias como para o

profesorado de nova incorporación.

- Actuacións para a transición entre etapas.
- Actuacións preventivas para a detección nas dificultades de aprendizaxe e propostas para adoptar as medidas oportunas.
- Estratexias de ensinar a pensar e técnicas de estudo.
- Organización dos tempos de traballo e lecer.
- Actividades que favorezan o desenvolvemento da intelixencia emocional e a cohesión do grupo-clase.
- Actividades que favorezan a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Procedementos para o seguimento e avaliación do plan.

No que respecta ao Plan de Orientación, as directrices para a súa elaboración atópanse recollidas no artigo 15 da Orde do 24 de Xullo de 1998.

7.11 AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación teremos en conta as características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

Non podemos esquecer que o éxito escolar mídese polo grao de consecución das Competencias Básicas e que o esforzo para o desenvolvemento das mesmas corresponde a toda a comunidade educativa (profesorado, familias...) xa que se trata dunha tarefa compartida.

Atopámonos nun momento no que é tremendamente importante levar a cabo unha avaliación colexiada, consensuada e que nos permita obter toda a información precisa para regular os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Para acadar unha coherencia no proceso, debemos tomar acordos vinculantes e compartidos.

7.11.1 EDUCACIÓN INFANTIL (Orde do 25 de xuño de 2009)

A avaliación dos discentes en educación infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora. Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. Isto permitirá o axuste progresivo da axuda pedagóxica ás súas características e necesidades particulares por parte dos profesionais da educación. De maneira concreta empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación	Diario Anecdótico Boletín informativo trimestral de información ás familias Rexistro de cumprimento da normas de clase Ficha persoal do alumno
Traballos de clase	Traballos individuais Diálogos e conversas na asemblea Participación activa nas actividades comúns e/ou colectivas
Entrevistas coas familias	Cuestionarios Rexistros

7.11.2 EDUCACIÓN PRIMARIA (Orde do 09 de xuño 2016)

- En cada un dos cursos, os titores/as realizarán unha avaliación inicial do alumnado que se completará coa análise dos datos e informacións recibidas do titor do curso anterior. Isto permitirá adoptar as medidas de reforzo e de recuperación para o alumnado que o precise, así como as decisións oportunas sobre a programación a elaborar.
- Ao finalizar cada curso, o profesorado que imparte cada clase a cada grupo de alumnos, levará a cabo a avaliación final dos resultados acadados polo alumnado. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación. Ademais, o profesorado provisional que non conte con volver para o curso seguinte, elaborará un informe individual do seu alumnado que sirva para dar referencias ao seguinte titor/a.

- O profesorado especialista que imparte clase en cada grupo e que non conte con continuar no centro tamén deixará un informe elaborado que sirva ao seguinte para dar continuidade á materia.
- Os docentes que imparten clase no curso deberán adoptar as medidas para que o cambio ao seguinte se leve a cabo coas garantías precisas de continuidade.
- As principais decisións, incluídas as de promoción e acordos adoptados, serán recollidas nas actas das sesión de avaliación de final de curso.
- Avaliación censal en 3º de primaria e mostral en 6º de primaria.
 - Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada do alumnado ao finalizar o 3º curso de Educación Primaria. Esta avaliación comprobará o grao de dominio das destrezas, das capacidades e habilidades referentes á expresión, comprensión oral e escrita, cálculo, resolución de problemas, en relación co grao de adquisición das competencias lingüística e matemática. De resultar desfavorable, o equipo docente adoptará as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Ditas medidas reflectiranse en plans de reforzo e mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solucionar as dificultades, en colaboración coas familias.
 - Ao finalizar 6º curso, realizarase unha avaliación mostral.

Compre salientar que o resultado destas probas non ten ningunha repercusión no expediente académico dos alumnos; é dicir, que non inciden para nada nas cualificacións obtidas polos rapaces no curso escolar. A súa finalidade é estritamente diagnóstica, xa que os datos recompilados proporcionan á Administración unha unha información complementaria á hora de deseñar acción específicas.

A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados nas Programación Didácticas á hora de obter a cualificación final do alumnado, reflectirase nas Programacións en función dos niveis e especialidade, segundo o seguinte cadro pero establecendo as porcentaxes establecidas polos Equipos de Nivel e especialistas, anualmente.

% DA CUALIFICACIÓN				
PROBAS ESCRITAS		PROBAS ORAIS		OBSERVACIÓN DIRECTA
Probas escritas de avaliación de contidos	%	Probas orais individuais	%	Rexistro anecdótico e rexistro de incidencias
Lista de control de tarefas escolares	%	Participación en clase	%	
Caderno de clase e ordenador	%			
Proxectos e traballos	%			

7.12 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

- **Ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.** A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e o grao de adquisición das competencias correspondentes, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. **A promoción no resto de cursos da etapa será automática.**
- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, óidas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
- Con carácter xeral, en **segundo curso de Educación Primaria**, o alumnado deberá permanecer un ano máis no mesmo curso se non logrou a progresión adecuada nos obxectivos nin na adquisición das competencias, tendo en conta, con carácter orientador, os criterios de avaliación e, de ser o caso, o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe en tres materias instrumentais (matemáticas, lingua galega e lingua castelá), ou en máis de tres materias sexan ou non instrumentais.
- Con carácter xeral, en **cuarto e sexto curso de Educación Primaria**, deberán permanecer un ano máis no curso se non lograron a progresión adecuada nos obxectivos nin na adquisición das competencias do nivel correspondente, tendo en

conta, con carácter orientador, os criterios de avaliación e, de ser o caso, o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe en dúas materias instrumentais: matemáticas e unha lingua (castelá ou galega) ou en tres materias sendo unha instrumental.

7.13 ESTÁNDARES MÍNIMOS ESIXIBLES NAS DIFERENTES MATERIAS PARA CADA CURSO

7.13.1. EDUCACIÓN INFANTIL

Na etapa da Educación Infantil o alumnado promocionará, con carácter xeral, á Educación Primaria salvo casos nos que:

- por necesidades educativas específicas, teñan que permanecer un ano máis na etapa de infantil. (Orde do 27 decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais).

Debido ás capacidades intelectuais do alumnado se leve a cabo a súa anticipación á Educación Primaria. (Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)

7.13.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

ESTÁNDARES MÍNIMOS PARA 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

Bloque 1: Comunicación oral: Falar e escoitar

1º-LCB.1.1.1 - Expresa de forma global sentimentos, vivencias y emociones propias

1º-LCB.1.1.2 - Aplica las normas socio comunicativas: escucha y respeta el turno de palabra

1º-LCB.1.3.1 - Participa activamente en diversas situaciones de comunicación: -diálogos - exposiciones orales muy guiadas, con ayuda, cuando sea necesario, de tecnologías de la información y la comunicación.

1º-LCB.1.4.1 - Utiliza el vocabulario adecuado a su edad.

1º-LCB.1.5.1 - Comprende el sentido global de textos orales de uso habitual, del ámbito escolar y social.

1º-LCB.1.6.1 - Identifica las ideas generales en reportajes audiovisuales sobre temas de su interés.

1º-LCB.1.8.1 - Adecúa la entonación y el volumen a la representación dramática.

1º-LCB.1.9.1 - Narra situaciones y experiencias personales simples.

1º-LCB.1.9.2 - Describe, de forma sencilla, personas, animales, objetos y lugares siguiendo un orden: de arriba a abajo; de abajo a arriba.

1º-LCB.1.9.3 – Utiliza correctamente expresiones para situar y ordenar las rutinas: antes, después, por la mañana, por la noche.

1º-LCB.1.10.1 - Usa un lenguaje no discriminatorio y respetuoso con las diferencias.

1º-LCB.1.11.1 - Pide ayuda para la realización de tareas de distinta índole.

Bloque 2: Comunicación escrita: ler

1º-LCB.2.1.1 - Lee con pronunciación y entonación adecuada, textos sencillos, de variedad tipológica, breves y adaptados a su edad.

1º-LCB.2.2.1 - Relaciona la información que aporta el título y las ilustraciones con el tema del texto.

1º-LCB.2.3.1 - Reconoce la funcionalidad de determinadas tipologías textuales: carteles, anuncios, avisos, recetas, normas, instrucciones.

1º-LCB.2.4.1 - Expresa el gusto por la lectura como fuente de ocio.

1º-LCB.2.4.2 - Explica, de forma sencilla, sus preferencias lectoras.

1º-LCB.2.5.1 - Identifica, con ayuda, los textos de la biblioteca (escritos o en soporte informático) más adecuados para obtener información y para su ocio.

1º-LCB.2.6.1 - Cuida, conserva y organiza sus libros.

Bloque 3: Comunicación escrita: escribir

1º-LCB3.1.1 - Relaciona los códigos oral y escrito: discrimina sonidos en las palabras y consolida aspectos grafomotores y grafías de la Lengua castellana en palabras significativas.

1º-LCB3.1.2 - Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, recetas, narraciones, poesía, noticia

1º-LCB3.2.1 - Ilustra de forma creativa sus escritos con ilustraciones redundantes.

1º-LCB3.3.1 - Escribe, con ayuda, en diferentes soportes, textos muy sencillos propios del ámbito escolar y social: listas, notas, normas, felicitaciones, instrucciones, cuentos, anécdotas

1º-LCB3.3.2 - Presenta sus escritos con limpieza.

Bloque 4: Coñecemento da lingua

1º-LCB4.1.1 - Desenvolla a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.

1º-LCB4.1.3 - Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.

1º-LCB4.1.4 - Distingue xénero e número en palabras habituais.

1º-LCB4.1.5 - Utiliza adecuadamente os artigos en os textos orais e escritos.

1º-LCB4.1.6 - Forma grupos nominais respetando as normas de concordancia

1º-LCB4.1.7 - Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sencillos..

1º-LCB4.1.2 - Reconoce o alfabeto e se inicia en o orden alfabético.

1º-LCB4.2.1 - Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.

1º-LCB4.2.2 - Establece comparacións entre distintos elementos.

1º-LCB4.2.3 - Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.

1º-LCB4.2.4 - Identifica en o seu entorno palabras derivadas de outras moi evidentes.

1º-LCB4.3.1 - Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica en a escritura de textos significativos sencillos e seguindo modelos.

1º-LCB4.4.1 - Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sencillos.

1º-LCB4.5.1 - Utiliza de forma guiada, distintos programas e aplicacións educativas dixitais como ferramenta de aprendizaxe.

1º-LCB4.6.1 - Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

Bloque 5: Educación Literaria

1º-LCB5.1.1 - Identifica sencillos textos propios da literatura infantil: cuentos, poesías, cómics, adivinanzas.

1º-LCB5.1.2 - Dramatiza con gestos e palabras, escenas de cuentos.

1º-LCB5.2.1 - Goza ao escochar textos literarios narrativos, líricos e dramáticos

1º-LCB5.2.2 - Interpreta, intuitivamente e con axuda, o lenguaje figurado en textos literarios (personificacións).

1º-LCB5.3.1 - Utiliza de forma guiada a biblioteca de aula como fonte de información e ocio.

1º-LCB5.4.1 - Recrea de forma individual e cooperativa, sencillos textos literarios (cuentos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.

1º-LCB5.5.1 - Valora la literatura en cualquier lengua, especialmente en lengua gallega, como vehículo de comunicación y como recurso de gozo persoal.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar

1º-LGB1.1.1 - Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.

1º-LGB1.2.1 - Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.

1º-LGB1.3.1 - Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.

1º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.

1º-LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.

1º-LGB1.3.4 - Participa no traballo en pequeno grupo.

1º-LGB1.4.1 - Atende as intervencións dos demais, en conversas e exposicións, sen interromper.

1º-LGB1.4.2 - Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.

1º-LGB1.5.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.

1º-LGB1.5.2 - Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.

1º-LGB1.5.3 - Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.

1º-LGB1.5.5 - Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.

1º-LGB1.5.6 - Participa na conversa formulando e contestando preguntas.

1º-LGB1.6.1 - Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

1º-LGB1.7.1 - Amosa respecto ás ideas dos demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.

1º-LGB1.8.1 - Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega

1º-LGB1.9.1 - Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.

1º-LGB1.9.2 - Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.

1º-LGB1.10.1 - Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...

1º-LGB1.10.2 - Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

Bloque 2: Comunicación escrita: ler

1º-LGB2.1.1 - Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.

1º-LGB2.1.2 - Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.

1º-LGB2.1.3 - Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).

1º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.

1º-LGB2.3.1 - Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.

1º-LGB2.3.2 - Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.

1º-LGB2.4.1 - Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.

1º-LGB2.4.2 - Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndooos ao seu sitio logo de lelos.

1º-LGB2.5.1 - Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.

1º-LGB2.6.1 - Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

1º-LGB2.7.1 - Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.

1º-LGB2.7.2 - Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.

Bloque 3: Comunicación escrita: escribir

1º-LGB3.1.1 - Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.

- 1º-LGB3.1.2 - Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.
- 1º-LGB3.1.3 - Usa o punto nos seus escritos.
- 1º-LGB3.1.4 - Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
- 1º-LGB3.1.5 - Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.
- 1º-LGB3.1.6 - Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.
- 1º-LGB3.2.1 - Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).
- 1º-LGB3.3.1 - Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
- 1º-LGB3.5.1 - Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.
- 1º-LGB3.6.1 - Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
- 1º-LGB3.6.2 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.

Bloque 4: Coñecemento da lingua

- 1º-LGB4.1.1 - Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas
- 1º-LGB4.1.2 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
- 1º-LGB4.1.3 - Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
- 1º-LGB4.1.4 - Sinala o xénero e número de palabras dadas.
- 1º-LGB4.2.1 - Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
- 1º-LGB4.3.1 - Recoñece a relación entre son e grafía.
- 1º-LGB4.3.2 - Separa as palabras que conforman un enunciado.
- 1º-LGB4.4.1 - Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

Bloque 5: Educación literaria

- 1º-LGB5.1.1 - Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.

1º-LGB5.1.2 - Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

1º-LGB5.2.1 - Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.

1º-LGB5.2.2 - Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.

1º-LGB5.3.1 - Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.

1º-LGB5.4.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

1º-LGB5.5.1 - Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural

MATEMÁTICAS

Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

1º-MTB1.1.1 - Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema

1º-MTB1.2.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.

1º-MTB1.3.1 - Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.

Bloque 2: Números

1º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 99.

1º-MTB2.1.2 - Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.

1º-MTB2.2.1 - Utiliza os números ordinais en contextos reais.

1º-MTB2.2.2 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99

1º-MTB2.2.3 - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

1º-MTB2.2.4 - Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.

1º-MTB2.3.1 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.

1º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.

1º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

1º-MTB2.4.2 - Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.

Bloque 3: Medida

1º-MTB3.1.1 - Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.

1º-MTB3.2.1 - Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.

1º-MTB3.3.1 - Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.

1º-MTB3.4.1 - Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.

1º-MTB3.4.2 - Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.

1º-MTB3.4.3 - Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.

1º-MTB3.5.1 - Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.

1º-MTB3.6.1 - Resolve problemas sinxelos de medida

1º-MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.

Bloque 4: Xeometría

1º-MTB4.1.1 - Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.

1º-MTB4.1.2 - Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.

1º-MTB4.2.1 - Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.

1º-MTB4.3.1 - Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.

1º-MTB4.3.2 - Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.

Bloque 5: Estatística e probabilidade

1º-MTB5.1.1 - Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.

1º-MTB5.1.2 - Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.

CIENCIAS SOCIAIS

Bloque 1: contidos comúns.

1º-CSB1.1.1 – Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación.

1º-CSB1.1.2 – Manifesta autonomía na planificación e execución de accións coidando a súa iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.

1º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.

Bloque 2: O mundo que nos rodea

1º-CSB2.1.1 - Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.

1º-CSB2.1.2 - Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.

1º-CSB2.2.1 - Describe as características principais do aire e da auga.

1º-CSB2.3.1 - Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.

1º-CSB2.4.1 - Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía próxima básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.

1º-CSB2.5.1 – Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.

1º-CSB2.6.1 - Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.

1º-CSB2.7.1 - Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.

1º-CSB2.8.1 – Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.

1º-CSB2.9.1 – Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.

Bloque 3: Vivir en sociedade

1º-CSB3.1.1 - Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.

1º-CSB3.2.1 – Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.

1º-CSB3.3.1 - Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.

1º-CSB3.4.1 - Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.

1º-CSB3.4.2 – Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.

1º-CSB3.5.1 - Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.

1º-CSB3.6.1 - Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.

1º-CSB3.7.1 - Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.

1º-CSB3.8.1 - Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.

Bloque 4: As pegadas do tempo

1º-CSB4.1.1 - Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..

1º-CSB4.2.1 – Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.

1º-CSB4.3.1 - Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.

CIENCIAS DA NATUREZA

Bloque 1: Iniciación á actividade científica

1º-CNB1.1.1 - Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.

1º-CNB1.1.2 - Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

1º-CNB1.2.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

Bloque 2: O ser humano e saúde

1º-CNB2.1.1 - Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.

1º-CNB2.1.2 - Recoñece partes do propio corpo.

1º-CNB2.1.3 - Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.

1º-CNB2.2.1 - Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.

1º-CNB2.2.2 - Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.

1º-CNB2.3.1 - Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.

Bloque 3: Os seres vivos

1º-CNB3.1.1 - Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.

1º-CNB3.1.2 - Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.

1º-CNB3.1.3 - Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.

1º-CNB3.2.1 - Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.

1º-CNB4.1.1 - Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.

1º-CNB4.1.2 - Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.

1º-CNB4.2.1 - Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.

Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas

1º-CNB5.1.1 - Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.

1º-CNB5.1.2 - Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.

1º-CNB5.2.1 - Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.

1º-CNB5.2.2 - Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.

PLÁSTICA

Bloque 1: Educación audiovisual

1º-EPB1.1.1 - Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.

1º-EPB1.2.1 - Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.

1º-EPB1.3.1 - Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial.

1º-EPB1.3.2 - Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.

1º-EPB1.3.3 - Identifica os tamaños.

1º-EPB1.3.4 - Identifica e usa as cores aprendidas.

1º-EPB1.3.5 - Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.

1º-EPB1.3.6 - Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.

1º-EPB1.3.7 - Identifica figuras xeométricas básicas.

1º-EPB1.3.8 - Identifica os diferentes tipos de liña.

1º-EPB1.4.1 - Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.

1º-EPB1.5.1 - Observa diferentes formas de presentar o espazo.

1º-EPB1.5.2 - Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo.

Bloque 2: Expresión artística

1º-EPB2.1.1 - Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.

1º-EPB2.1.2 - Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.

1º-EPB2.1.3 - Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.

1º-EPB2.1.4 - Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.

1º-EPB2.2.1 - Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.

1º-EPB2.2.2 - Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).

1º-EPB2.2.3 - Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula, identificando e recoñecendo os tamaños.

1º-EPB2.2.4 - Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.

1º-EPB2.3.1 - Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa

1º-VSCB1.1.1 - Expresa a percepción da súa propia identidade.

1º-VSCB1.1.2 - Expresa oralmente a súa autodescrición.

1º-VSCB1.1.3 - Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.

1º-VSCB1.2.1 - Identifica e comunica as súas emocións.

1º-VSCB1.2.2 - Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións

1º-VSCB1.2.3 - Dramatiza diferentes estados de ánimo.

1º-VSCB1.3.1 - Participa na práctica de técnicas de relaxación.

1º-VSCB1.3.2 - Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.

1º-VSCB1.3.3 - Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.

1º-VSCB1.4.1 - Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.

1º-VSCB1.4.2 - Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais

1º-VSCB2.2.3 - Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.

1º-VSCB2.3.1 - Describe oralmente as características de diferentes persoas.

1º-VSCB2.3.2 - Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.

1º-VSCB2.3.3 - Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.

1º-VSCB2.4.2 - Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais

1º-VSCB3.1.1 - Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social.

1º-VSCB3.1.2 - Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.

1º-VSCB3.1.3 - Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.

1º-VSCB3.1.4 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.

1º-VSCB3.2.1 - Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade

1º-VSCB3.3.1 - Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.

1º-VSCB3.3.2 - Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.

1º-VSCB3.3.3 - Fai uso adecuado do material.

1º-VSCB3.4.1 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.

1º-VSCB3.4.2 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.

1º-VSCB3.5.1 - Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.

1º-VSCB3.5.2 - Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.

1º-VSCB3.5.3 - Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.

EDUCACIÓN FÍSICA

EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.

EFB1 1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.

EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas.

EFB1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.

EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias.

EFB2.2.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.

